# ACTA

| Expediente núm. | Órgano colexiado |
|---|---|
| PLN/2025/5 | O Pleno |

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**
Ordinaria

**Data:**
27 de marzo de 2025

**Duración:**
Desde las 19:30 hasta las 22:05

**Lugar:**
Sala de sesións da Casa Consistorial

**Presidida por:**
Marisol Morandeira Morandeira

**Secretario:**
Pablo Portela Fernández

## ASISTENCIA Á SESIÓN

| Núm. de identificación | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| 33559345E | Alexandre Losada Buide | SÍ |
| 76578117P | Alfonso Losada Rodríguez | SÍ |
| 33860503H | Carlos Placido Bujan Lopez | SÍ |
| 33314153X | Jose Manuel López Rodriguez | SÍ |
| 32818707F | MONICA IGLESIAS PREGO | SÍ |
| 33317846T | Maria Margarita Pereira López | SÍ |
| 32776632E | Marisol Morandeira Morandeira | SÍ |
| 76576129K | María Guadalupe Prado Tomé | SÍ |
| 76576366M | Mónica Roca Ares | SÍ |
| 33346610Z | Paula Campo Barral | SÍ |

Marisol Morandeira Morandeira (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 26/05/2025
HASH: 09a8dfa9564ffeab48751846870a390e

Pablo Portela Fernández (2 para 2)
secretario
Data de Sinatura: 26/05/2025
HASH: 7110de852f95dd3341bd7a49f6e62f24

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 28

| | | |
|---|---|---|
| 33317872A | Pilar Vazquez Ares | SÍ |
| 76584155C | Ramón Rivas Villares | SÍ |
| 76577542P | Sofia Sanchez Miragaya | SÍ |
| 33538075G | Ivan Morado Corral | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

| **Aprobación da acta da sesión anterior** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria |
| | A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

**Resolución:**

O pleno da corporación, cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP, aprobou as actas das sesións plenarias de datas de 30 de xaneiro de 2025 e 18 e 28 de febreiro de 2025 respectivamente.

| **Expediente 226/2025. Dación conta liquidación orzamento exercicio 2024** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**Resolución:**

Os membros do pleno toman coñecemento da resolución de Alcaldía de data 28 de febreiro de 2025, relativa a aprobación liquidación do orzamento do ano 2024

| **Expediente 304/2025. Dación conta resolucións da alcaldia dende o Nº 2025-0050 o Nº 2025-0217** |
|---|
| Dase conta das resolucións da alcaldia dende o Nº 2025-0050 o Nº 2025-0217. |

| **Expediente 290/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. Pleno 1-2025.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria |
| | A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0 |

**<< Feitos e fundamentos de dereito:**

**ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN.**



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 28

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

| Rexistro | Data factura | Concepto | Terceiro | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 2025-191 | 30/11/2024 | Servizo de atención temperá do 1 ao 4 de nvoembro de 2024 | Centro de orientación de estudios comerciales SLU | 647,67 |
| 2024-1689 | 30/12/2024 | Alugueiro de finca urbana sita en Boa Veciña 21-23 | Mª Pilar Pardo Rodríguez | 700,00 |
| 2024-1691 | 30/11/2024 | Subministro de froita para o colexio de Parga. | Mª Pilar Sánchez Quintana | 265,56 |
| 2024-1690 | 31/10/2024 | Subministro de froita para o colexio de Parga. | Mª Pilar Sánchez Quintana | 220,94 |
| 2024-1644 | 16/12/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 3.322,12 |
| 2024-1642 | 16/12/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 446,55 |
| 2024-1641 | 16/12/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 378,19 |
| 2024-1510 | 18/11/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 330,20 |
| 2024-1496 | 16/11/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 3.820,69 |
| 2024-1350 | 16/10/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 174,36 |
| 2024-1339 | 13/10/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 403,26 |



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 28

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2024-1196 | 16/09/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 98,22 |
| 2024-1194 | 16/09/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 936,38 |
| 2024-1073 | 16/08/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 1.942,44 |
| 2024-926 | 18/07/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 166,70 |
| 2024-986 | 24/06/2021 | Cota periódica do Hosting limitado. 24/06/2021 a 23/06/2022 | Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U. | 100,19 |
| 2024-989 | 24/06/2023 | Cota periódica do Hosting limitado. 24/06/2023 a 23/06/2024 | Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U. | 100,19 |
| 2024-987 | 24/06/2022 | Cota periódica do Hosting limitado. 24/06/2022 a 23/06/2023 | Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U. | 100,19 |
| 2024-1704 | 31/12/2024 | Servicio de actividade para o Nadal | IG 10 gestion servicios , S.L.U. | 5.885,00 |
| 2024-1612 | 24/11/2024 | Certificación final de obra de Mellora de cuberta e parametros verticais no pavillón municipal | Cubiertas de Piazarra Galicia, S.L. | 7.611,42 |
| 2024-1223 | 01/10/2024 | Servizo de asesoramento de aforro enerxetico | Durcal Energía | 16.940,00 |
| 2024-1697 | 20/12/2024 | Subministro de botellas de auga | Nuñez Roca, S.L | 51,15 |
| 2025-7 | 14/12/2024 | Subministros varios de carpintería | Diego roca Gonzalez | 1.886,39 |
| 2024-1674 | 22/12/2024 | Submnistro de folletos de rifas, carteis e tarjetón vale | Imprenta Roberto, S.L. | 988,57 |
| | | | | |



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 28

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2024-1441 | 06/11/2024 | Redacción de proxecto de mellora das infraestructuras no parque empresarial de Guitiriz. | Senen Prieto Ingeneiria, S.L. | 3.599,75 |

Vista a proposta de resolución PR/2025/234 de 14 de marzo de 2025.

**Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE , cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial, levantar o informe de reparo de intervención e por tanto aprobar as prestacións executadas, das facturas que se relacionan no Anexo.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

**Terceiro.-** Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Documentos anexos:**

- Anexo 1. relación facturas>>

| **Expediente 128/2023. Adxudicación do contrato de determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria |
| | A favor: 11, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 0 |

**<< Feitos e fundamentos de dereito:**

**Adxudicación do contrato de determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concorrencia). Expte. 128/2023**

Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

-Memoria xustificativa de data 14/11/2024.

-Acordo plenario de data 18/11/2024 onde se incoa o expediente de contratación de determinados servicios de axuda no fogar mediante procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada.

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 28

-Informe xurídico da secretaria da Corporación de data 19/11/2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir

-Dilixencia de existencia de crédito de data 19/11/2024.

-Informe xurídico da secretaria da Corporación de data 20/11/2024

-Acordo plenario de data 28/11/2024 de aprobación do expediente de contratación do contrato determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concorrencia).

-Anuncio en la Plataforma de Contratos do Sector Público de data 4/12/2024.

Vista as tres ofertas presentadas durante o prazo de presentación de proposicións, o informe técnico de data 5/02/2025 e as actas da mesa de contratación de datas 15/01/2025; 16/01/2025; 5/02/2025 e 10/02/2025 coa valoración das ofertas presentadas polos licitadores que participan na contratación co seguinte resultado e puntuacións de acordo cos criterios de adxudicación:

**PROPOSICIÓN TÉCNICA**

**Puntuación criterios non cuantificables automaticamente**

**Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL**

-Servizo axuda a domicilio: 28,5 puntos

-Organización recursos humanos: 10 puntos

TOTAL: 38,5 puntos

**Senes CIT SL**

-Servizo axuda a domicilio: 27 puntos

-Organización recursos humanos: 8,5 puntos

TOTAL: 35,5 puntos

**Osventos Innovación en Servizos SL**

-Servizo axuda a domicilio: 26 puntos

-Organización recursos humamos: 7 puntos

TOTAL: 33 puntos

**PROPOSICIÓN ECONOMICA**



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 28

**Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL**

1. Programa préstamo axudas técnicas:

- Grúas mobilización: 6 unidades

- Camas articuladas: 6 unidades

- Colchóns antiescaras: 4 unidades

- Asentos baño e ducha: 3 unidades

- Cadeira de baño con rodas: 3 unidades

2. Manuel de Boas Prácticas: Si

3. Prezo ofertado:

- Modalidade libre concorrencia: 22,90 € + 0,92 €

- Modalidade libre dependencia (días hábiles e sábados): 22,90 € + 0,92 €

- Modalidade libre dependencia (domingos e festivos): 26,80 € + 1,07 €

**Osventos Innovación en Servizos SL**

1. Programa préstamo axudas técnicas:

- Grúas mobilización: 6 unidades

- Camas articuladas: 6 unidades

- Colchóns antiescaras: 4 unidades

- Asentos baño e ducha: 3 unidades

- Cadeira de baño con rodas: 3 unidades

2. Manuel de Boas Prácticas: Si

3. Prezo ofertado:

- Modalidade libre concorrencia: 22,20 € + 0,89 €

- Modalidade libre dependencia (días hábiles e sábados): 22,20 € + 0,89 €

- Modalidade libre dependencia (domingos e festivos): 25,92 € + 1,04 €

**Senes CIT SL**

1. Programa préstamo axudas técnicas:



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 28

- Grúas mobilización: 6 unidades

- Camas articuladas: 6 unidades

- Colchóns antiescaras: 4 unidades

- Asentos baño e ducha: 3 unidades

- Cadeira de baño con rodas: 3 unidades

2. Manuel de Boas Prácticas: Si

3. Prezo ofertado:

- Modalidade libre concorrencia: 22,95 € + 0,92 €

- Modalidade libre dependencia (días hábiles e sábados): 22,95 € + 0,92 €

- Modalidade libre dependencia (domingos e festivos): 22,95 € + 0,92 €

**Puntuación criterios cuantificables automaticamente**

**Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL**

1. Programa préstamo axudas técnicas:

- Grúas mobilización: 1,5 puntos

- Camas articuladas: 1,5 puntos

- Colchóns antiescaras: 0,8 puntos

- Asentos baño e ducha: 0,6 puntos

- Cadeira de baño con rodas: 0,6 puntos

Total programa préstamo axudas técnicas: 5 puntos

2. Manuel de Boas Prácticas: 5 puntos

3. Prezo ofertado:

- Modalidade libre concorrencia: 11,63 puntos

- Modalidade libre dependencia (días hábiles e sábados): 20,35 puntos

- Modalidade libre dependencia (domingos e festivos): 10,27 puntos

Total prezo ofertado: 42,25 puntos



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 28

**Osventos Innovación en Servizos SL**

1. Programa préstamo axudas técnicas:

- Grúas mobilización: 1,5 puntos

- Camas articuladas: 1,5 puntos

- Colchóns antiescaras: 0,8 puntos

- Asentos baño e ducha: 0,6 puntos

- Cadeira de baño con rodas: 0,6 puntos

Total programa préstamo axudas técnicas: 5 puntos

2. Manuel de Boas Prácticas: 5 puntos

3. Prezo ofertado:

- Modalidade libre concorrencia: 12 puntos

- Modalidade libre dependencia (hábiles e sábados): 21 puntos

- Modalidade libre dependencia (domingos e festivos): 10,62 puntos

Total prezo ofertado: 43,62 puntos

**Senes CIT SL**

1. Programa préstamo axudas técnicas:

- Grúas mobilización: 1,5 puntos

- Camas articuladas: 1,5 puntos

- Colchóns antiescaras: 0,8 puntos

- Asentos baño e ducha: 0,6 puntos

- Cadeira de baño con rodas: 0,6 puntos

Total programa préstamo axudas técnicas: 5 puntos

2. Manuel de Boas Prácticas: 5 puntos

3. Prezo ofertado:

- Modalidade libre concorrencia: 11,60 puntos

- Modalidade libre dependencia (días hábiles e sábados): 20,31 puntos



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 28

- Modalidade libre dependencia (domingos e festivos): 12 puntos

Total prezo ofertado: 43,91 puntos

O resumo da **PUNTUACIÓN TOTAL** obtida por cada licitador é o seguinte:

| Empresa | Puntuación total | | |
|---|---|---|---|
| | Criterios valorables en cifras ou porcentaxes | Criterios non valorables en cifras ou porcentaxes | Total |
| 1º. Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL | 52,25 | 38,5 | 90,75 |
| 2º. Senes CIT SL | 53,91 | 35,5 | 89,41 |
| 3º. Osventos Innovación en Servizos SL | 53,62 | 33 | 86,62 |

Visto o acordo plenario de data 18/02/2025 da proposta de adxudicación onde se acorda:

*<< PRIMEIRO.- Seleccionar a empresa "Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL" con CIF B 27445253 como autora da proposición mais vantaxosa para a corporación no contrato de determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concorrencia) de acordo co seguinte orde de clasificación de ofertas da mesa de contratación de data 10/02/2025:*

*1º. Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL con 90,75 puntos*

*2º. Senes CIT SL con 89,41 puntos*

*3º. Osventos Innovación en Servizos SL con 86,62 puntos*

*SEGUNDO.- Requirir a empresa "Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL" para que previamente á adxudicación do contrato e no prazo máximo de dez días hábiles presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia a cláusula 15 dos pregos de cláusulas administrativas.>>*

Vista a documentación presentada na Plataforma de Contratos do Sector Publico pola empresa "Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL" con CIF B 27445253 en data 24/02 /2025.

Considerando o disposto na seguinte lexislación aplicable:

-Os artigos 28, 99 a 102, 116, 117, 12*2, 124, 131 a 159,* Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Decimoquinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 28

-*O* Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

-Artigos vixentes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no RD 2568 /1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

De conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vista a proposta de resolución PR/2025/171 de 27 de febreiro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 28 de febreiro de 2025.

**Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do PP e cos votos en contra do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Establecer o seguinte orde de clasificación das ofertas no contrato de determinados servizos de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (modalidade dependencia e libre concorrencia) do Concello de Guitiriz:

1º. Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL con 90,75 puntos

2º. Senes CIT SL con 89,41 puntos

3º. Osventos Innovación en Servizos SL con 86,62 puntos

SEGUNDO.- Adxudicar á “Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL” con CIF B 27445253 como proposta máis vantaxosa para a Corporación, o seguinte contrato coas seguintes condicións ofertadas polo licitador e previstas nos pregos da contratación:

| | |
|---|---|
| Tipo de contrato: administrativo | |
| Subtipo do contrato: servizos suxeito a regulación harmonizada | |
| Obxecto do contrato: “determinados servizo do servizo de axuda no fogar” | |
| Procedemento de contratación: aberto | Tipo de Tramitación: ordinaria |
| Código CPV: 85320000-8 e NUTS:ES112 . | |
| 1. Prezo de adxudicación:<br>Modalidade libre concorrencia (días hábiles): 22,90 euros/hora mais 0,92 euros/hora de | |

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 28

| | |
|---|---|
| IVE<br>Modalidade dependencia (días hábiles e sábados): 22,90 euros/hora mais 0,92 euros/hora de IVE.<br>Modalidade dependencia (domingos e festivos): 26,80 euros/hora mais 1,07 euros/hora de IVE.<br><br>2. Existencia de Manual de Boas Prácticas que a empresa porá a disposición do seu persoal para o traballo cotián: SI<br><br>3. Programa de préstamo axudas técnicas:<br>- Grúas mobilización: 6 unidades<br>- Camas articuladas: 6 unidades<br>- Colchóns antiescaras: 4 unidades<br>- Asentos baño e ducha: 3 unidades<br>- Cadeira de baño con rodas: 3 unidades | |
| Duración da execución: 2 anos prorrogable anualmente ata un máximo de tres prórrogas. | Duración máxima: 5 anos |
| División en lotes: non | Número de lotes: |
| Condicións de execución: a execución do contrato realizarase conforme aos pregos reguladores da contratación e conforme a oferta económica e técnica presentada polo licitador.<br>Horas anuais estimadas:<br>- Modalidade libre concorrencia (días hábiles): 2.844 horas anuais<br>- Modalidade dependencia (días hábiles e sábados): 11.373 horas anuais<br>- Modalidade dependencia (domingos e festivos): 300 horas anuais | |

TERCEIRO.- Aprobar o gasto que para este Concello representa a contratación de referencia por importe máximo 260.257,45 euros (IVE incluído) para o ano 2025 con cargo á partida correspondente do estado de gastos do orzamento, xerando a obrigación de pago exclusivamente as horas de prestación do servizo efectivamente realizadas de acordo co prezos/hora ofertado pola empresa adxudicataria.

A adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos orzamentos dos exercicios seguintes.

CUARTO.- Designar como responsable do contrato a traballadora social do Concello dona Ines Vázquez Cebeira, coas funcións previstas no artigo 62 da LCSP.

QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados, e emprazar ao adxudicatario para a sinatura do contrato administrativo.

SEXTO.- Publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días e comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato por medios electrónicos.>>



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 28

concello de GUITIRIZ

| Expediente 326/2022.BONIFICACIONS DE ICIO A ACTUACIONS DE ARI | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**<<Feitos e fundamentos de dereito:**

**ASUNTO: RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS.**

**PRIMEIRO. ANTECEDENTES DO EXPEDIENTE.**

· Informe 2025-0098 de 14/03/2025 da técnico municipal de urbanismo sobre a proposta do recoñecemento das bonificacións do ICIO segundo o artigo 6 da ordenanza fiscal as actuacións promovidas no ámbito da área de rehabilitación integral de Buriz e Os Vilares.

· Informe 2025-0075 de 17/03/2025 da intervención municipal sobre a situación das liquidacións do ICIO nas obra incluídas da área de rehabilitación integral das parroquias do Buriz e Os Vilares.

**SEGUNDO. REGUALCIÓN DA ORDENANZA FISCAL.**

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A1 en relación as construcións instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outras, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias concretas e podende ser ata o 90% da cota do imposto.

En concreto o artigo di:

"*ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.*

*de conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:*

*A) RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.*

*A2.- CIRCUNSTANCIAS CULTURAIS E HISTÓRICO-ARTÍSTICAS*



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 28

*Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz. Obras, construcións u instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do Concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa do ARI. A bonificación será do 75% da cota do imposto.·*

**TERCEIRO.** Vista a documentación obrante no expediente, os promotores de obras dentro do ARI das parroquias de Buriz e os Vilares encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A2) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*

Considerando que segundo o inrfome da intervención municipal a situación de cada beneficarios é distinta, xa que nalgún caso, se abou a totalidade do ICIO e noutros casos non se liquidou o mesmo, segundo a tabla seguinte, e tras as comprobacións da intervención, a situación é a seguinte:

· Amparo Rodríguez Fanego, a base impoñible é de 3.300 euros, a liquidación do ICIO é 72,60 euros ( 3.300*2.2%), coa bonificación é de 18,15 euros. Xa ingresou 47,84, polo que procede a devolución de 29,69 euros.

· Mª Carmen González Ansede, a base impoñible é de 15.854,00 euros, a liquidación do ICIO é 348,79 euros ( 15.854,00*2.2%), coa bonificación é de 87,20 euros. Xa ingresou 215,06 euros, polo que procede a devolución de 127,86 euros.

· Manuel Vázquez Cancelo, a base impoñible é de 27.845,82 euros, a liquidación do ICIO é 612,61 euros ( 27.845,11*2.2%), coa bonificación é de 153,15 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 153,15 euros, tras a concesión da bonificaicón.

· Mª Inés Carballeira Prieto, a base impoñible é de 11.870,00 euros, a liquidación do ICIO é 261,14 euros ( 11.870,00*2.2%), coa bonificación é de 65,29 euros. Xa ingresou 218,94 euros polo que procede a devolución de 153,66 euros.

· Josefa Fraga Fernández, a base impoñible é de 22.300,50 euros, a liquidación do ICIO é 490,61 euros ( 22.300,50*2.2%), coa bonificación é de 122,65 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 122,65 euros, tras a concesión da bonificación.

· Dositeo Alvariño Otero, a base impoñible é de 16.660,60 euros, a liquidación do ICIO é 366,53 euros ( 16.660,60*2.2%), coa bonificación é de 91,63 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 91,63 euros, tras a concesión da bonificación.

· Mª Josefa Paz Rosende, a base impoñible é de 13.767,00 euros, a liquidación do ICIO é 301,87 euros ( 13.767,00*2.2%), coa bonificación é de 75,72 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 75,72 euros, tras a concesión da bonificación.



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 28

concello de GUITIRIZ

· María Sánchez Fraga, a base impoñible é de 15.751,88 euros, a liquidación do ICIO é 346,54 euros ( 15751,88*2.2%), coa bonificación é de 86,44 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 86,44 euros, tras a concesión da bonificación.

· Marta Rosende Vázquez, a base impoñible é de 81.302,95 euros, a liquidación do ICIO é 1.788,66 euros ( 81.302,95*2.2%), coa bonificación é de 447,17 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 447,17 euros, tras a concesión da bonificación.

· Mª Lidia Penas Rivas, a base impoñible é de 17.422,51 euros, a liquidación do ICIO é 383,30 euros ( 17.422,51*2.2%), coa bonificación é de 95,82 euros. . Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 95,82 euros, tras a concesión da bonificación.

· Mercedes Calvo Fanego, a base impoñible é de 10.717,90 euros, a liquidación do ICIO é 235,79 euros ( 10.717,90*2.2%), coa bonificación é de 58,95 euros. . Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 58,95 euros, tras a concesión da bonificación.

· Fernando Díaz Miragaya, a base impoñible é de 1.370 euros, a liquidación do ICIO é 30,14 euros (1.370,00*2.2%), coa bonificación é de 7,54 euros. Non ingresou nada, polo que procede a liquidación do ICIO por importe de 7,54 euros, tras a concesión da bonificación.

Jesús Carballeira Teijido, a base impoñible é de 23.127,74 euros, a liquidación do ICIO é 508,81 euros ( 23.127,74*2.2%), coa bonificación é de 127,20 euros. Xa ingresou 219,47 euros polo que procede a devolución de 92,27 euros

Vista a proposta de resolución PR/2025/238 de 18 de marzo de 2025.

**Resolución:**

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO** . Declarar o especial interese ou utilidade publica das obra concedidas e subvencionadas incluídas dentro da área de rehabilitación integral das parroquias de Buriz e os Vilares, que consta no expediente 326/2022 por cumprir os requisitos de circunstancias culturais e histórico artísticas de Obras, construcións u instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do Concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa do ARI, segundo o apartado A2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

**SEGUNDO.** Conceder unha bonificación do 75% na cota do Imposto sobre construcción, instalacións e obras, para a obras subvencionadas dentro do ARI do presente expediente, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 28

25/03/2021 e publicada no no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo o Anexo a esta proposta.

**TERCEIRO** . Proceder a liquidación definitiva e devolver os ingresos indebidos realizados aos suxeitos pasivos que realizaron os ingresos e proceder a liquidación definitiva do imposto bonificado, nos casos en que os suxeitos pasivos non realizaron ningún ingreso, segundo o Anexo a esta proposta.

**CUARTO**. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos

**Documentos anexos:**

- Anexo 2. Anexo Liquidacions ICIO do ARI >>

| **Expediente 293/2025. Moción PSOE sobre a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

**<< Resolución:**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Guitiriz de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**O 8 de marzo conmemórase o día internacional da muller.**

A igualdade entre mulleres e homes non só é un dereito humano fundamental e unha cuestión de xustiza, senón que é un dos piares básicos para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible.

Conseguíronse algúns avances durante as últimas décadas, pero o mundo está lonxe de alcanzar a igualdade entre mulleres e homes para 2030 como se recolle nos obxectivos de desenvolvemento sostibles de Nacións Unidas.

Avanzar na igualdade entre mulleres e homes é fundamental para crear unha sociedade sa en todos os seus ámbitos, desde a redución da pobreza ata a promoción da saúde, a educación, a protección e o benestar.

O lema elixido por nacións Unidas para este ano é “Para TODAS as mulleres e nenas: Dereitos. Igualdade. Empoderamento” ao que nos unimos e reivindicamos.



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 28

As mulleres e as nenas constitúen a metade da poboación e, polo tanto, tamén a metade do seu potencial. Pero a desigualdade por razón de xénero prevalece e estanca o progreso social, por iso é vital que traballemos polo empoderamento das mulleres, especialmente das mozas e as nenas do noso país.

Empoderamento significa xerar maior autonomía para as mulleres, recoñecer e visibilizar as súas achegas. Empoderarse implica participar plenamente en todos os sectores: o económico, o político e o social. Deste xeito constrúense países e economías máis fortes e xustas, máis estables e que contribúen a mellorar a vida de todas as persoas, e este é sen dúbida un reto do Partido Socialista.

A realidade demostra que son moitas as áreas onde a fenda de xénero, as diferenzas entre mulleres e homes, é aínda un lastre para a nosa democracia e unha manifesta inxustiza para as mulleres.

No ámbito do emprego as diferenzas fóronse reducindo, pero aínda amosan un mercado laboral que penaliza ás mulleres galegas nos seus salarios, que segundo o informe de UGT-Galicia sobre a fenda salarial, están case un 18% por baixo dos homes. As mulleres galegas perciben un salario medio semellante ao que tiñan os homes fai 13 anos, e ocupan o 2º posto de menor retribución por hora percibida de todo o Estado.

Tratar a todas as mulleres e homes de forma equitativa no traballo é un dos fundamentos esenciais da igualdade de xénero e do noso obxectivo de empoderamento. Por isto, aínda que as diferenzas salariais seguen sendo moi significativas, a fenda salarial en Galicia reduciuse nun 3,6 desde o ano 2018 ao 2022, entre outras cousas grazas á continua subida do salario mínimo interprofesional.

Fai seis anos, o SMI situábase en 10.302,6€ ao ano; en 2025 alcanza xa os 16.576€ brutos anuais. Incrementouse nun 61% desde entón. Nunca o SMI subira con esa intensidade e as maiores beneficiarias desta subida foron as mulleres que precisamente cobran os salarios máis baixos. Pois o 40,5% das mulleres asalariadas teñen ingresos menores ou iguais ao SMI, fronte ao 27,9% dos homes.

Para seguir pechando a fenda de xénero no mercado laboral, debemos traballar para implementar políticas que favorezan e melloren a integración laboral das mulleres nas ocupacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), empezando pola sensibilización e a promoción na infancia e a mocidade, buscando sinerxías entre as empresas, entidades, asociacións e institucións, que sirvan para motivar ás nenas e mozas para que non se pechen portas e descubran as oportunidades que estas disciplinas lles ofrecen.

Que as mulleres ocupen a maior parte dos contratos a tempo parcial (o 73,58%) e temporais (o 59,44%), ou ocupen postos de menor responsabilidade ten moito que ver coa conciliación da vida familiar e laboral, cos usos do tempo. Hai máis mulleres que homes que coidan doutras persoas a diario, as excedencias non retribuídas por coidados de familiares en Galicia medraron no ano 2023 o dobre que en España chegando a 1607, e destas o 81% corresponden a mulleres, máis de 1300.



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 28

Pero nos últimos seis anos puxéronse en marcha medidas pioneiras para alcanzar a igualdade entre mulleres e homes, igualándose e ampliándose o permiso de maternidade e paternidade de forma non transferible, promovendo a corresponsabilidade no coidado dos fillos e fillas.

Debemos impulsar unha acción política integral que permita un gran pacto galego pola corresponsabilidade nos coidados. Este pacto é necesario para acadar o obxectivo de redución do diferencial das horas que mulleres e homes dedican ao traballo doméstico e de coidados. A redución da xornada laboral a 37’5 horas xa é un gran paso.

Promover a igualdade entre mulleres e homes a todos os niveis significa garantir a presenza de mulleres nos espazos de poder do sector público, das grandes empresas, das sociedades cotizadas ou dos colexios profesionais. A Lei de paridade, sen ningunha dúbida, demostra ser a mellor ferramenta a día de hoxe para acabar co déficit democrático actual.

Empoderarse é adquirir conciencia individual e colectiva, gañar confianza e autoestima, ter poder para decidir na vida cotiá. Por iso debemos traballar de maneira decidida pola coeducación, xa que os centros educativos non son neutros. A escola forma parte da contorna e reprodúcea e é por iso que incluír os valores de igualdade, tolerancia e diálogo é altamente transformador. Para levar a cabo unha educación en igualdade, o primeiro paso é modificar aqueles contidos educativos que conteñan unha linguaxe sexista, e eliminar calquera tipo de estereotipo de xénero do mesmos, así como modificar calquera espazo da contorna educativa que non favoreza a igualdade entre homes e mulleres.

Ademais, as relacións afectivas e sexuais entre a mocidade continúan a estar atravesadas en gran medida polo sexismo, e que, ao non haber educación sexual na escola, o baleiro éncheo o porno máis misóxino e violento. Un obxectivo concreto é conseguir que ao remate da ESO as persoas mozas teñan os recursos necesarios para construírse en modelos afectivo-sexuais baseados en relacións igualitarias, no bo trato e o respecto a todas as opcións persoais. Debemos protexer ás e aos menores nas contornas dixitais fronte á pornografía e a incitación á prostitución. De aí a importancia de impulsar decididamente a educación afectivo-sexual baseada no respecto, a igualdade e a dignidade das persoas.

Dende o PSdeG-PSOE avogamos por unha crianza e educación baseadas no respecto ao libre desenvolvemento das e dos menores, que recoñeza e analice cales son as barreiras que limitan o pleno desenvolvemento do talento feminino. Traballando por erradicar actitudes sexistas desde a infancia e facilitar, así, a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Para iso debemos ensinar aos nenos e nenas que as súas capacidades non están limitadas polo seu sexo, a detectar e evitar actitudes tóxicas e situacións de malos tratos para poder relacionarse de igual a igual en calquera contexto, xa sexa de amizade, de parella, de estudos ou laboral, que as mulleres non son obxecto de consumo, venda ou alugueiro

Hai mais dun ano aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 7/2023 de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia. Transcorrido este tempo, as e os socialistas cremos que compre facer balance da implementación desta lei co fin de poder



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 28

mellorar aqueles aspectos que teñan aínda eivas e deficiencias. Esixindo o cumprimento de todo aquilo que estando contemplado na lei, non se está poñendo en práctica, converténdose por tanto nunha mera declaración de intencións, que non contribúe de xeito real e eficaz ao camiño cara a igualdade entre mulleres e homes en Galicia.

O noso compromiso coa igualdade entre mulleres e homes é firme e abarca todos os ámbitos da vida pública e privada. Só a través dunha acción política transversal e integral poderemos construír unha sociedade verdadeiramente igualitaria e xusta para todas e todos.

Por parte do grupo BNG, proponse a seguinte enmenda, engandindo un punto sétimo a proposta orixinaria do PSOE , co acordo do conxunto dos grupos políticos, co seguinte tenor literal: instar ao goberno central a que:1)Se cumpra co Pacto de Estado contra violencia de Xénero e o incremento do financiamento ás entidades locais en relación co Pacto. 2) Melloras e ampliación do sistema Vioxen. 3) E a cumprir co pacto de investidura e incrementar os xulgados especializados en violencia contra as mulleres.

O pleno da corporación, por unanimidade dos seus membros adoptu o seguinte acordo:

Instar a administración autonómica a que:

1. Implemente políticas que favorezan e melloren a integración laboral das mulleres nas ocupacións de ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, empezando pola sensibilización e a promoción na infancia e a mocidade, dando maior visibilidade ás figuras femininas na ciencia para contribuír a que as nosas nenas teñan modelos de referencia que fomenten a súa vocación científica.

2. Que aprobe un gran pacto galego polos coidados corresponsables coas entidades sociais, co tecido sindical e coa patronal. Poñendo no centro da axenda política a necesidade de transformar o modelo de coidados desde un enfoque de dereitos.

3. Impulsar cambios culturais que permitan reformular a maneira en que entendemos a relación entre o traballo, a vida persoal e a familiar, desde a igualdade entre mulleres e homes e desde o benestar, coa mirada posta na corresponsabilidade na conciliación.

4. Realizar campañas de sensibilización dirixidas aos homes sobre o imprescindible que é a corresponsabilidade na conciliación.

5. Levar a cabo accións para protexer ás e aos menores nas contornas dixitais fronte á pornografía e a incitación á prostitución. Impulsando decididamente a coeducación e educación afectivo-sexual baseada no respecto, a igualdade e a dignidade das persoas, promovendo a elaboración de material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.

6. A implementar a Lei 7/2023 de 30 de Novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 28

Instar ao goberno central a que:

1. Se cumpra co Pacto de Estado contra violencia de Xénero e o incremento do financiamento ás entidades locais en relación co Pacto.

2. Melloras e ampliación do sistema Vioxen.

3. E a cumprir co pacto de investidura e incrementar os xulgados especializados en violencia contra as mulleres.

Por outra banda, o concello de Guitiriz comprométese a:

1. Realizar e implementar o novo Plan de Igualdade Municipal.

2. Realizar campañas de sensibilización dirixidas a veciñanza a as diferentes asociacións do concello.

3. Reforzar a implementación da perspectiva de xénero no ámbito administración local.>>

| **Expediente 305/2025. Moción BNG da Plataforma SOS Sanidade Pública para solicitar o apoio á manifestación do día 6 de abril.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria |
| | A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0 |

**<< Resolución:**

**MOCIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA PARA SOLICITAR O APOIO Á MANIFESTACIÓN DO DÍA 6 DE ABRIL**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordou convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12 h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Conselleria de Sanidade ás reinvindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos Hospitais Públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organización que formamos parte desta alianza social e profesional entre as que se atopa o BNG, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administración máis próximas aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reinvidicacións que exponemos de maneira consensuada:

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 28

- **Máis atención Primaria:** Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías, reposición de médicos e cobertura de vacantes, baixas, vacacións, etc; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.

- **Máis Atención Hospitalaria:** utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.

- **Máis Sanidade Pública:** incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potencias a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Dende o BNG de Guitiriz, ademáis, engadimos a estas demandas outras relativas á situación sanitaria concreta do noso Concello:

Máis Sanidade Pública en Guitiriz: Reposición dos facultativos que se foron perdendo durante os derradeiros anos, apertura total do centro de saúde de Parga, recuperando os servizos médicos diarios e de enfermería, así como a súa carteira de servizos completa.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo::

1. Apoiar as reinvidicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública

2. Instar ao goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcance a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública o día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para que participe nela.>>

| **Expediente 306/2025. Moción BNG para que o Goberno Municipal adquira compromisos reais e efectivos sobre as melloras para o concello que propuxo o BNG no que levamos de lexislatura.** | |
|---|---|
| **Desfavorable** | **Tipo de votación:** Ordinaria |
| | A favor: 2, En contra: 7, Abstencións: 4, Ausentes: 0 |

**<< Resolución:**

**Moción para que o Goberno Municipal adquira compromisos reais e efectivos sobre as melloras para o concello que propuxo o BNG no que levamos de lexislatura.**

Exposición de motivos:



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 28

O Grupo Municipal do BNG nesta lexislatura, leva presentados ducias de rogos dende o primeiro pleno de xullo de 2023 para intentar mellorar ou para manter os espazos públicos que temos no concello, en aras de exercer unha oposición útil, responsable e propositiva. En todos eles, a resposta era similar: xa o estamos mirando, xa estaba previsto ou en breve se arranxara.

Estamos a pouco mais dun mes para que se cumpran dous anos de lexislatura e polo tanto a metade da mesma e constatamos que moitas das nosas demandas están no mesmo estado ou, nalgúns caos aínda peor do que se atopan cando as formulamos. Imos repasar unha cantas:

Rogámoslle que se prestara mais atención as rutas de sendeirismo e que se arranxaran varandas en mal estado, pontes e mobiliario en xeral porque cada ano que pasa están peor. Ademais, os retrasos na limpeza das principais rutas do noso Concello convértenas en practicamente impracticábeis durante varios meses do ano.

Rogámoslle a limpeza periódica de contedores do lixo porque sobre todo os do casco urbano de Guitiriz e Parga cando fai calor desprenden un cheirume que apestan. Semella que non se fai esa labor.

Rogámoslle tamén que se tomaran medidas para evitar que os veciños depositen enseres ao carón dos contedores do lixo. Non só non se tomaron medidas senón que se empeorou o servizo de recollida de enseres reducindo os días e ampliando os prazos de recollida.

Rogámoslle que repuxeran as baldosas rotas ou soltas que hai nas beirarrúas por todo Guitiriz e Parga. Pouco se fixo.

Tamén lle rogamos infinidade de veces que se limpe a estación de bombeo do colector de augas residuais do Forxá, que atasca e verte ao río por falta de mantemento, e non hai unha periodicidade na limpeza, aínda que sigamos pagando multas polos vertidos.

Comentamos varias ocasións que era necesario o arranxo dos aparcadoiros públicos, cheos de fochancas e lama no inverno. Todo segue igual.

Dixémoslle en infinidade de ocasións que era necesario ter en bo estado o pintado dos pasos de peóns polo perigo que supón para todas as persoas. Seguen sen pintar poñendo en risco aos peóns.

Podemos enumerar queixas e mais queixas do mal estado en xeral do Concello, polo que só achegamos unhas poucas que, cunha mínima xestión, previsión e organización dos traballos por parte da equipa de goberno, poderían solucionarse en pouco tempo, toda vez, que xa se expuxeron no Pleno por parte do BNG e, polo tanto, non se pode alegar descoñecemento por parte do Goberno Municipal.



Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 28

Dado que todas estas demandas xa están enriba da mesa, propoñemos unha mínima planificación para ilas corrixindo a fin de que se adopten compromisos firmes e reais por parte da equipa de goberno para a súa pronta solución.

Deixamos porén outras, como o arranxo de estradas e camiños ou a situación do Curro Vello, dado que entendemos que requiren actuacións doutro nivel e que requiren doutros trámites e procedementos.

O pleno da corporación , cos votos en contra do PSOE, coa abstención do PP e cos votos a favor do BNG, non acadou a maioria necesaria para a adopción do seguinte acordo:

1. O Goberno Municipal comprometese a ter arranxadas as varandas, pontes e mobiliario das rutas de sendeirismo de Guitiriz e a comezar as labores de limpezapara que as rutas estean en perfecto estado a mais tardar no mes de maio.

2. O Goberno Municipal elaborará antes de finais de abril un protocolo e un calendario de limpeza de contedores de lixo, comezando acto seguido a súa limpeza periódica.

3. O Goberno Municipal retomará os horarios e datas de recollida de enseres asegurando que, cando menos, se farán dúas recollidas ao mes.

4. O Goberno, con carácter inmediato comezará a substitución de baldosas rotas e soltas, comezando polas zonas mais transitadas e en peor estado.

5. O Goberno Municipal establecerá unha periodicidade para a limpeza do colector da estación de bombeo no río Forxá.

6. O Goberno Municipal solicitará de xeito inmediato os permisos dos propietarios para comezar o arranxo de fochancas e pozas nos aparcadoiros públicos.

7. O Goberno Municipal comprométese a ter pintados os pasos de peóns de titularidade municipal antes de tres meses. Así mesmo, solicitará de inmediato o pintado de pasos de titularidade doutras administracións.

8. O Goberno de Guitiriz fará públicas as planificacións de todos estes traballos no momento en que se concreten a fin de que a cidadanía poida facer un seguimento dos mesmos e avaliar o seu cumprimento.>>

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Expóñense os rogos e preguntas que se recollen na video-acta

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 28

Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:

**SHA512-71b2f5e9549b3aa4cfca0ab38b1e26430eca92bc8ffca979a4c53848aaa3110bb1 1539d078892e62ce52a14f9b58d7c68112ec84018469cb24213d0a98c2bfdc**

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:
**https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=NDM5MmY3YjEtNWMzYi00MDIwLWIzMGQtNzI1NWM2N2Q1OWI0**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 28

concello de GUITIRIZ

## ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2025/5

### A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 290/2025. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos. Pleno 1-2025.

    - Anexo 1. relacion facturas

2. Expediente 326/2022.BONIFICACIONS DE ICIO A ACTUACIONS DE ARI

    - Anexo 2. Anexo Liquidacions ICIO do ARI

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 28

| Rexistro | Data factura | Concepto | Terceiro | Partida orzamentaria | Importe |
|---|---|---|---|---|---|
| 2025-191 | 30/11/2024 | Servizo de atención temperá do 1 ao 4 de nvoembro de 2024 | Centro de orientación de estudios comerciales SLU | 231.22799 | 647,67 |
| 2024-1689 | 30/12/2024 | Alugueiro de finca urbana sita en Boa Veciña 21-23 | Mª Pilar Pardo Rodríguez | 150.20000 | 700,00 |
| 2024-1691 | 30/11/2024 | Subministro de froita para o colexio de Parga. | Mª Pilar Sánchez Quintana | 326.22105 | 265,56 |
| 2024-1690 | 31/10/2024 | Subministro de froita para o colexio de Parga. | Mª Pilar Sánchez Quintana | 326.22105 | 220,94 |
| 2024-1644 | 16/12/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 3.322,12 |
| 2024-1642 | 16/12/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 446,55 |
| 2024-1641 | 16/12/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 378,19 |
| 2024-1510 | 18/11/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 330,20 |
| 2024-1496 | 16/11/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 3.820,69 |
| 2024-1350 | 16/10/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 174,36 |
| 2024-1339 | 13/10/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 403,26 |
| 2024-1196 | 16/09/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 98,22 |
| 2024-1194 | 16/09/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 936,38 |
| 2024-1073 | 16/08/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 1.942,44 |
| 2024-926 | 18/07/2024 | Subministro de enerxía eléctrica | Gas Natural Cormecializadora SA. | 920.22100 | 166,70 |
| 2024-986 | 24/06/2021 | Cota periódica do Hosting limitado. 24/06/2021 a 23/06/2022 | Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U. | 920.22799 | 100,19 |
| 2024-989 | 24/06/2023 | Cota periódica do Hosting limitado. 24/06/2023 a 23/06/2024 | Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U. | 920.22799 | 100,19 |
| 2024-987 | 24/06/2022 | Cota periódica do Hosting limitado. 24/06/2022 a 23/06/2023 | Telefónica Soluciones de informática y comunicaciones de España, S.A.U. | 920.22799 | 100,19 |
| 2024-1704 | 31/12/2024 | Servicio de actividade para o Nadal | IG 10 gestion servicios , S.L.U. | 338.22799 | 5.885,00 |
| 2024-1612 | 24/11/2024 | Certificación final de obra de Mellora de cuberta e parametros verticais no pavillón municipal | Cubiertas de Piazarra Galicia, S.L. | 342.62300 | 7.611,42 |
| 2024-1223 | 01/10/2024 | Servizo de asesoramento de aforro enerxetico | Durcal Energía | 165.22799 | 16.940,00 |
| 2024-1697 | 20/12/2024 | Subministro de botellas de auga | Nuñez Roca, S.L | 920.22199 | 51,15 |

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 28

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2025-7 | 14/12/2024 | Subministros varios de carpintería | Diego roca Gonzalez | 920.22799 | 1.886,39 |
| 2024-1674 | 22/12/2024 | Submnistro de folletos de rifas, carteis e tarjetón vale | Imprenta Roberto, S.L. | 920.242799 | 988,57 |
| 2024-1441 | 06/11/2024 | Redacción de proxecto de mellora das infraestructuras no parque empresarial de Guitiriz. | Senen Prieto Ingeneiria, S.L. | 450.61900 | 3.599,75 |

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 28

| INTERESADO | BASE IMPONIBLE ICIO | ICIO A LIQUIDAR | BASE CALCULO ICIO PAGADO | ICIO PAGADO | ICIO CON BONIF. 75% | DIFERENCIAS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| RODRIGUEZ FANEGO AMPARO | 3.300,00 | 72,60 | 2.174,74 | 47,84 | 18,15 | -29,69 € |
| GONZALEZ ANSEDE MARIA CARMEN | 15.854,00 | 348,79 | 9.775,40 | 215,06 | 87,20 | -127,86 € |
| VAZQUEZ CANCELO MANUEL | 27.845,82 | 612,61 | 22.251,68 | 0,00 | 153,15 | 153,15 € |
| CARBALLEIRA PRIETO MARIA INES | 11.870,00 | 261,14 | 9.952,63 | 218,94 | 65,29 | -153,66 € |
| FRAGA FERNANEZ MARIA JOSEFA | 22.300,50 | 490,61 | 16.541,13 | 0,00 | 122,65 | 122,65 € |
| ALVARIÑO OTERO DOSITEO | 16.660,60 | 366,53 | 10.456,18 | 0,00 | 91,63 | 91,63 € |
| PAZ ROSENDE MARIA JOSEFA | 13.767,00 | 302,87 | 11.524,34 | 0,00 | 75,72 | 75,72 € |
| SANCHEZ FRAGA MARIA | 15.751,88 | 346,54 | 11.067,37 | 0,00 | 86,64 | 86,64 € |
| ROSENDE VAZQUEZ MARTA | 81.302,95 | 1.788,66 | 48.155,66 | 0,00 | 447,17 | 447,17 € |
| PENAS RIVAS MARIA LIDIA | 17.422,51 | 383,30 | 12.131,20 | 0,00 | 95,82 | 95,82 € |
| CALVO FANEGO MERCEDES | 10.717,90 | 235,79 | 12.956,10 | 0,00 | 58,95 | 58,95 € |
| DIAZ MIRAGAYA FERNANDO | 1.370,00 | 30,14 | 670,95 | 0,00 | 7,54 | 7,54 € |
| CARBALLEIRA TEIJIDO JESUS | 23.127,74 | 508,81 | 11.871,05 | 219,47 | 127,20 | -92,27 € |

Cod. Validación: 5FT4LA9QSK9NMFCYL297NEDMG
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 28